

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE ABRIL DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras

Favorables.-

376/04.- Berciana de Petroleos, S.L.- Licencia de construción e licencia de apertura (LAP/38/04) dunha gasoleira con venda de combustible, venda de artigos na tenda e lavado de vehículos en Labacolla.

570/05.- Augusto Villanueva Díaz.- Acondicionamento de baixo-cuberta para uso vivideiro na R/ Montero Ríos núm.12-5º-B.

3042/04.- Metrovacesa, S.A, repr. por D. Waldo M. Sánchez Alonso.- Edificio (25 viv.) na R/ Ulla.

2523/04.- Juan Manuel Pintos Martínez.- Reestruct. e ampliación de planta en viv. unif. sita na R/ Castrón D´Ouro núm.8.

2522/04.- Inmobiliaria Matiman, S.L.- Derruba edificacións sitas na Travesa da Choupana núm. 6, 8 e 11.

2215/04.- Inmobiliaria Matiman, S.L.- Derruba edificacións sitas na Travesa da Choupana núm. 13-18.

2997/04.- José Suárez Camino.- Reconstrución e reestructuración de viv. unif. no Lugar de Pereiras de San Caetano.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para locais do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 8.610,79 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Miguel Vázquez Alonso	Praza de San Miguel, 6-baixo	2.600,67
Manuel Álvarez Rodríguez	Campo de San Domingos de Bonaval, 2-baixo	6.010,12

Acórdase a aprobación definitiva de dúas subvencións (convenio área de rehabilitación 4ª fase) para locais vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 10.513,89 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Emilia Moreira Villaverde	R/ Pombal, 24-1º	1.286,44
José Antonio Prado Leira	Corredoira das Fraguas, 13-2º A	9.227,45

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto de nova capa de rodadura na vía pública M-60-V. A PEREGRINA. POS 2005.

Acórdase a aprobación do prego o e inicio do expediente de contratación das devanditas obras cun tipo de licitación de 59.810,93 euros (IVE incluído).

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de adecuación do entorno do campo da festa de Enfesta. POS 2005.

Acórdase a aprobación do prego o e inicio do expediente de contratación das devanditas obras cun tipo de licitación de 47.606,79 euros (IVE incluído).

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de adecuación do entorno do centro socio-cultural de San Cristobal de Enfesta. POS 2005.

Acórdase a aprobación do prego o e inicio do expediente de contratación das devanditas obras cun tipo de licitación de 50.047,69 euros (IVE incluído).

12.- Adxudicación da poxa para a concesión de bens de uso público na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e Apóstolo 2005.

Acórdase a adxudicación a concesión de bens de uso público na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e Apóstolo 2005 á D. Antonio Pombo Botana, polo importe de 108.000 euros (IVE incluído).

14.- Proposta da Concelleira Delegada da Umad relativa á prórroga da prestación do servizo de vixilancia da Unidade Municipal de Atención ó Drogodependente.

Acórdase prorrogar a prestación do servizo de vixilancia da Unidade Municipal de Atención ó Drogodependente suscrito coa empresa Protección de Patrimonio S.A. polo prazo dun ano a contar desde o 4 de maio de 2005, así como incrementar o prezo de adxudicación deste servizo co correspondente aumento do IPC neste período.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto de "Arranxos puntuais en Vidan-Brandía.

Acórdase aprobar o proxecto de "Arranxos puntuais en Vidan-Brandía, redactado polos técnicos municipais, polo importe de 57.978,62 euros e un prazo estimado de un mes así como o inicio do expediente para a súa licitación.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto de arranxos puntuais no barrio de San Pedro.

Acórdase aprobar o proxecto de "Arranxos puntuais no barrio de San Pedro", redactado polos técnicos municipais, polo importe de 57.392,89 euros e un prazo estimado de un mes así como o inicio do expediente para a súa licitación.

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio da contratación cun tipo de licitación de 191.671,99 euros (IVE incluído).

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes en relación coas alegacións presentadas polas empresas adxudicatarias da explotación dos aparcamentos de A Rosa e

Praza de Galicia ó expediente de modificación da estrutura tarifaria dos citados aparcamentos.

Acórdase desestimar as alegacións presentadas pola empresa Ponte Castro UTE, concesionaria do aparcamento da Rosa, e Interparking Hispania S.A., concesionaria do aparcamento da Praza de Galicia, toda vez que as tarifas presentadas ofrecen un incremento global moi superior ás fixadas para outros aparcamentos e reduce notablemente o número de beneficiados polas novas tarifas, confirmando así o acordo adoptado pola Xunta de Goberno do 28 de febreiro de 2005

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros socioculturais relativa á aprobación do prego de cláusulas e o inicio da contratación do subministro de mobiliario para o centro sociocultural de Sar.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio da contratación cun tipo de licitación de 15.000 euros (IVE incluído).

20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación de mulleres desempregadas beneficiarias do programa Labora por parte das Entidades Locais.

Acórdase aprobar a memoria/proxecto e documentación do expediente "Programa municipal de inserción laboral de mulleres" e, ao abeiro da orde do 27 de xaneiro de 2005 da Consellería de Asuntos sociais, emprego e relacións laborais, solicitar as correspondentes axudas e subvencións para o fomento de emprego polas entidades locais a través dos programas de cooperación. O número de traballadoras solicitadas é sete.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á solicitude dunha subvención á FEMP para actividades a desenvolver polas Corporacións Locais en materia de mocidade.

Acórdase solicitar da FEMP unha subvención por importe de 19.088,010 euros para actividades a desenvolver polas Corporacións Locais en materia de mocidade.

22.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o desenvolvemento de programas de accesibilidade e eliminación de barreiras no medio físico.

Ao abeiro da orde de 1 de abril de 2005 da Consellería de Familia, xuventude, deporte e voluntariado, pola que se regulan as axudas ás corporacións locais para o desenvolvemento de programas de accesibilidade e eliminación de barreiras no medio físico, acórdase solicitar unha subvención de 40.000 euros, participando o Concello cun 30% desta cantidade. O programa prevé a instalación de 48 semáforos acústicos e 21 puntos de información de Braille.

23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ó fomento de actividades culturais puntuais desenvolvidas durante 2005.

Acórdase aprobar as bases da convocatoria de subvencións destinadas ó fomento de actividades culturais puntuais correspondentes ao ano 2005.

24.- Proposta da Concelleira Delegada da UMAD relativa á aprobación do Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo.

Acórdase aprobar o asinamento dun convenio co Centro Educativo CCE de Xordos, dependente da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación, e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a realización de prácticas do Ciclo formativo de servizos auxiliares de oficina (FEP) nas dependencias da Unidade Municipal de Atención ao Drogodependente (UMAD) por parte dun alumno deste centro cunha duración de 184 horas de emprego de 2004.

29.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros socioculturais relativa á ampliación do programa de dinamizadores para a rede de centros socioculturais do municipio.

Acórdase aprobar a ampliación do programa de dinamizadores para a rede de centros socioculturais do municipio coa contratación de cinco dinamizadores cun orzamento de 8.522,01 euros.

30.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á subvención dos actos da festividade patroal do servizo de Extinción de incendios.

Acórdase conceder unha subvención por importe de 1.244,07 euros con motivo da celebración dos actos da festividade patroal do servizo de Extinción de incendios celebrados o pasado 8 de marzo.

31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á autorización da celebración dun torneo de chave con motivo das festas da Ascensión.

Acórdase autorizar a celebración do Torneo de Chave, organizado pola Asociación de Xogadores da Chave, nas Festas da Ascensión os días 6 e 7 de maio, así como conceder unha subvención por importe de 2.211.75 euros para esta actividade.